



## Os primeiros contactos dos cativos coas tecnoloxías

Lucía Blanco Vallejo

Artigo  
Temático

Setembro 2007

### Resumo

*As ferramentas informáticas e a Internet están poderosamente presentes no noso contexto máis cotiá. Coñecer as súas posibilidades permitirannos apoiar as aprendizaxes das crianzas. Aproximarnos pouco a pouco nas habilidades básicas para o seu manexo fomentará nos cativos a seguridade para descubrir todo o que pode aprender co ordenador. Nesta liña sentaremos as bases para un posterior uso responsable e motivado destes recursos.*

**Palabras Chave:** Ordenadores, Internet, ferramentas, recursos, exploración, relación educativa, contexto, infancia e sociedade, autonomía.

### Aii que rompe!

Cada vez é máis frecuente a presenza nos fogares e escolas de todo tipo de aparellos tecnolóxicos: o teléfono, o televisor, radio e tamén o ordenador.

No seu recoñecemento do espazo e os obxectos os cativos senten curiosidade polos aparellos que os adultos empregamos a cotío. Para os eles son coma outros obxectos que queren manipular.

Aínda que recoñecer e coñecer os aparellos domésticos forma parte da súa aprendizaxe, son obxectos delicados cos que se poden mancar ou ben poden estropear.

Paulatinamente, os pequenos, tratarán de alcanzalos, tocalos e mesmo chupalos. Se a postura que adoptamos é a de prohibir que se acerquen terán despois unha actitude menos receptiva cara eles.

Podemos permitir que toquen o ordenador pouco a pouco e perciban que é un obxecto que hai que tratar con coidado.

Cando os cativos non saben que é ese *fedello extraño* golpearán o teclado ou tratará de agarralo para lanzalo.

Collendo as súas mans para que palpe as texturas das teclas, do rato e a pantalla irémolos acostumando a ser máis coidadosos e comprender as partes do aparello.


Nesta interacción as crianzas van comprendendo como

relacionarse co ordenador e paulatinamente gañarán autonomía e confianza para posteriormente facer uso del.

Ao igual que xa dende os primeiros meses van desenvolvendo as súas capacidades comunicativas que desembocarán en palabras que lle permiten comunicarse, estes contactos crearán un vínculo positivo para a súa posterior alfabetización.



### Click, Click!



O ordenador pode ser unha importante fonte de estímulos auditivos e visuais. Podemos poñer música, a radio, imaxes estáticas e en movemento... Combina as posibilidades de que nos ofrecen outras tecnoloxías. Neste sentido, puidera parecer outro aparello máis aínda que máis flexible.

Debemos poñer atención, sen embargo, nunha característica que o fai diferente, e por suposto tamén para os nenos/as: O ordenador permítenos interaccionar con el, non somos meros espectadores da súa programación.

Para os cativos, experimentar con esta particularidade do ordenador pódelles servir para alcanzar importantes fitos da súa aprendizaxe.

Cando os nenos xa saben falar, podémoslle “presentar” o ordenador. O seu nome, as súas partes e as normas básicas do seu uso con frases como “ao ordenador gústalle que o coiden”, “non lle gusta que lle dean golpes”...

Pronto as nenas/nenos xa poderán coller o rato e movelo correctamente. Existen ratos (os que se empregan para os portátiles) que, ao ser máis pequenos, adáptanse mellor ao tamaño das súas mans.

Máis importante que esta habilidade psicomotriz, é que entendan a relación entre o movemento do rato e o que está a acontecer na pantalla. Unha ferramenta axeitada para que vaian comprendendo este aspecto é Boohbah (<http://www.boohbah.com/>) que lles permite manexar o rato de forma lúdica, e introducirse na acción de “clickar” para facer que algo cambie.

Aprender a empregar o rato é unha tarefa complexa que, de feito custa moito traballo e mesmo angustia aos adultos cando non están afeitos ao seu emprego. Existen algunhas ferramentas como “Manejo del Ratón” do “Proyecto Interactivo de Educación” (<http://w3.cnice.mec.es/eos/MaterialesEducativos/mem2001/raton/index.htm>) que poden ensinarlle os cativos como facer dobre click, arrastrar, mover obxectos na pantalla.... de xeito aprendan sen xerarlles ansiedade por mor de non dominar ó rato.

Unha sensación moi pracenteira para nenas e nenos é comprobar que o ordenador “obedece as súas ordes” o que lle proporciona máis seguridade en si mesmos. Propoñer actividades que se adecúen aos seus ritmos de aprendizaxe, lle permitan corrir os seus erros e non incidan nos fracasos debe ser prioritario cando traballamos os primeiros pasos co ordenador. Cos xogos axeitados podemos desenvolver as súas habilidades como a memoria, lóxica, orientación espacial e a súa coordinación.

### Internet: miles de xogos e recursos!

Unha vez que dominen o funcionamento básico do rato, podemos seleccionar actividades máis específicas para potenciar determinados coñecementos. Na maior parte dos recursos de Internet para as pequenas/os poderemos atopar información para coñecer os seus

obxectivos e formas de emprego.

Para cada idade podemos atopar actividades de diversa dificultade sobre distintos temas e habilidades: centradas no desenvolvemento da súa memoria visual, o seus sentidos, a discriminación de sons, coñecemento do contexto próximo, a natureza e os animais, as partes do seu corpo...

De contado, os cativos iranse afacendo no recoñecemento das letras e as sílabas que sentarán as bases para a lectoescritura e pronto recoñecerán e saberán escribir o seu nome no papel e tamén no ordenador.

Os educadores poden proporcionar un asesoramento moi útil aos pais e nais para que na casa se traballen e reforcen contidos que se están a ver na escola. Así mesmo, informar aos educadores dos avances que fai o neno na casa permitirá que coñezan mellor os cativos. Deste xeito mantemos unha coherencia e colaboración productiva entre ambos contextos.

No portal das galescolas (<http://www.galescolas.net>), existen recursos seleccionados que conteñen tanto información para os educadores como para nais e pais, que debemos ler atentamente antes de propor os cativos.

Ademais, por Internet existen moitos outros lugares de onde obter recursos tales como contos, recortables, fichas para colorear, actividades etc...

Podemos compartir os sitios de interese que vaimos atopando para que formen parte dos recursos do portal das galescolas e outros pais e nais e educadoras/es podan empregar nas súas aulas.

### Un sitiño para min!


Cando as crianzas se sintan máis seguras, queren facer un uso máis independente do ordenador. Podémoslle crear unha conta de usuario na casa para que acceda aos seus xogos e programas. Deste xeito, podemos acordar con eles un nome de usuario e unha imaxe que sexa do seu agrado e posteriormente poda recoñecer facilmente. Neste caso é conveniente que establezamos un contrasinal para as demais contas de usuario e así non entren noutras por erro.

Podémos axudar a personalizar o escritorio con imaxes ou debuxos para que sintan máis como propio o espazo de traballo.

Se temos xa uns sitios favoritos para que accedan con frecuencia, podemos crear accesos directos e non teñan que entrar en Internet a buscalos. Do mesmo xeito, poderemos aumentar os tamaños das iconas para que lles resulte máis doado facer click sobre elas.

### Ter algunhas precaucións

Internet será unha ferramenta e fonte de recursos que debemos coñecer. Dominar o funcionamento dos buscadores e o correo electrónico, e coñecer programas e sitios de confianza resulta tan importante como ter o ordenador protexido contra contidos que poidan ferir a sensibilidade das nenas e nenos.



Pais e nais así como os educadores/as coñecen e empregan o ordenador para múltiples tarefas: vinculadas co traballo, co lecer... que provocarán o interese dos nenos e nenas.



As crianzas pronto sentirán curiosidade por encontrar xogos e acceder a información próxima aos seus gustos. Os buscadores e portais que adoitan ser as páxinas de acceso a Internet nos fogares, son unha ventá aberta para atopar todo tipo de información.

Sen embargo, os menores que navegan solos por Internet, expóñense a contidos que compoñen perigos para o seu desenvolvemento.

Os expertos sinalan que un dos principais riscos da Rede para os menores son as posibilidades que ofrece para acceder a contidos pensados para adultos.

Poden chegar a estes contidos a través de publicidade do correo electrónico se o atopan aberto, pero tamén por medio de páxinas que estean visitando. Facer click é moi fácil, e os anuncios e ventás emerxentes poden levalos a sitios que non desexan visitar.

Existen lugares na rede que nos poden informar de forma precisa sobre os riscos de internet. *Protégelos* (<http://www.protegeles.com/>) é un portal especialmente creado para dar a coñecer fórmulas para previr e denunciar contidos non adecuados.

Outros portais inciden en ofrecer contidos específicos para determinadas idades como <http://chaval.red.es/>, ou o proxecto *Internet y Familia* da comunidade autónoma de Asturias <http://internetyfamilia.asturiastelecentros.com/superportal/opencms/superportal/> que están pensados para nenos/nenas de diversas idades.

## Referencias

Imaxes (\*):

Skoop < <http://www.flickr.com/photos/skoop/45580860/> >

Nabeel H < <http://www.flickr.com/photos/nabeel/64881620/> >

Artfisch < <http://www.flickr.com/photos/artfisch/381937582/> >

## Cita recomendada

Blanco Vallejo, Lucía (2007): "Os primeiros contactos dos cativos coas tecnoloxías" Galescolas.net. Xunta de Galicia. Vicepresidencia. [Data de consulta:dd/mm/aa]. [dirección web <http://>]



Esta obra está baixo a licenza Recoñecemento – Non comercial – Obras derivadas baixo a mesma licenza 2.5 de Creative Commons. Pódea copiar, distribuír e comunicar publicamente sempre que especifique o seu autor e a Xunta de Galicia; non a utilice para fins comerciais; pode facer obras derivadas e distribuíla cunha licenza coma esta. A licenza completa pódese consultar en <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/2.5/deed.gl>.